

HANNAH ARENDT

Hannah Arendt (1906-1975) foi unha pensadora alemá e xudía, condición que vai marcar profundamente a súa vida e obra. Na universidade recibiu clases de Heidegger, Husserl e Jaspers, importantes filósofos tamén alemáns. Coa chegada do nazismo, en 1933, participa en organizacións sionistas, polo que é detida e interrogada pola Gestapo. Despois disto marcha de Alemaña e é recluída nun campo de concentración en Francia. Finalmente exiliase en Estados Unidos, onde obtén a nacionalidade e imparte docencia en varias universidades. Entre as súas obras máis significativas están *As orixes do totalitarismo*, *A condición humana*, *Eichmann en Jerusalén*, etc.

Na súa investigación filosófica cabe destacar a Ética e a Política. A reflexión sobre o mal (encarnado no nazismo, na súa época) centra o seu pensamento. Entende que o totalitarismo e o Holocausto son acontecementos totalmente novos, polo que as categorías morais e xurídicas tradicionais non han ser quen de dar conta do dano feito. Distingue entre “mal radical” e “mal banal”, novas categorías coas que analizar o fenómeno nazi.

“Mal radical, ou absoluto”, é a súa primeira noción (1951). Entende por tal un tipo de mal descoñecido ata entón que ten como fin anular aos seres humanos. As accións realizadas a nivel xurídico, moral e persoal contra tanta xente estarían motivadas pola maldade, a crueldade, a monstruosidade ou a ideoloxía. Trátase dun tipo de mal que non pode ser comprendido, porque non hai precedentes históricos nin lexislación xurídica e mora ao respecto, o que implica que non poda ser castigado nin perdoado.

Cando cubre como reporteira o xuízo de Adolf Eichmann en Jerusalén (1961), modifica algúns aspectos da noción anterior e pasa a falar da “banalidade do mal”. Lonxe de seren monstruos, Arendt descubre en Eichmann o home “normal”, mesmo mediocre e anodino, que, pese a ter plenas facultades psicolóxicas e conciencia, perpetraran os crimes máis atroces da historia da humanidade. Son homes que facían o mal simplemente por cumprir ordes, por cumprir a lei, como cidadáns eficientes e exemplares, pero as súas accións ían contra toda lei moral, contra todo imperativo ético, aínda que as dictase o Reich. Segundo Arendt, tras isto ocultábase unha grande superficialidade, unha incapacidade para xuzgar, distinguir entre o ben e o mal. Así, chega á conclusión de que esas persoas non eran monstruos, senón que eran completamente irreflexivas, e iso resulta ser o máis perigoso.

Afirma que o xuízo é a facultade que nos permite discernir o que está ben e o que está mal, o xusto e o inxusto: por iso é a facultade política por excelencia.

O xuízo exprésase no diálogo interior que cada persoa mantén consigo mesma, o cal é capaz de orientar a nosa conduta e a nosa conciencia. A falta de xuízo, a irreflexión, foi o que levóu a miles de persoas a perpetrar as atrocidades do totalitarismo.

Ante leis inxustas e inmorais o correcto era desobedecer, pero só as persoas que reflexionan son capaces de orientar a súa acción e non perpetrar o mal. Como seres racionais temos capacidade de xuízo, por iso somos responsables dos nosos actos, mesmo aínda que cumpramos ordes.

No campo da Política, o concepto central de Hannah Arendt é o de “mundo”: é o espazo público, entre humanos, creado de forma artificial (non inclúe o natural nin o que ven dado). Este concepto é importante para a autora porque é o que permite que as persoas habiten baixo unha condición humana que os diferencia dos animais. Mundo e seres humanos necesítanse porque non hai un sen os outros e viceversa.

O mundo constrúese mediante as actividades que os seres humanos realizan. Son de tres tipos: labor(*labor*), traballo(*work*) e acción. O labor permite satisfacer as necesidades biolóxicas, está no nivel da animalidade, repítese cada día e só produce consumibles (non deixa nada que perdure, non crea mundo).

O traballo elabora obxectos perdurables, constrúe o mundo material que fai posible o labor.

A acción é a actividade que nos fai especificamente humanos: é acción política, o acto de dialogar, de deliberar ou crear un mundo común de forma pacífica. Só cando actuamos no mundo xunto ás demais persoas exercemos a nosa liberdade.

Da súa idea de mundo dedúcese que Arendt aposta pola democracia participativa, na que toda a cidadanía se fai cargo dos problemas e da realidade na que vive. No espacio político deben aparecer todas as persoas, a súa condición de posibilidade é a pluralidade.

Cando a sociedade deixa de construír mundo, aparecen as masas, individuos que, aínda que viven uns a carón dos outros, están illados, atomizados: perderon de vista o común. Sostén que o mundo moderno, consumista e tecnolóxico, levou a que as persoas esquecesen que aquilo que os fai humanos por riba de todo o demais é a acción política. Nel, os individuos viven concentrados en si mesmos, en producir e consumir (volcados no labor e o traballo e olvidando a acción).

Ao nos converter en masa, o que aparece é o desierto: o mundo se eclipsa, as persoas deshumanízanse e nestas circunstancias calquera cousa pode suceder. A pesar desta última reflexión, o pensamento político de Arendt é optimista, apostando pola vitoria do ser humano, da política, da civilización fronte á barbarie.